

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTÍN DE MOAÑA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE HÁBITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN MARISQUEIRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou ca Confraría de pescadores San Martín de Moaña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría de pescadores San Martín de Moaña para elaborar un plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

Os obxectivos específicos a acadar con dita proposta son os seguintes:

1.Programación de traballos de conservación, mantemento ou mellora

1.1. Acondicionamento e/ou emenda do substrato: Preparación do terreo cun motocultor mecánico ou manualmente cos aparellos, sacho e restrelo.

1.2. Control de depredadores/competidores: lévase a cabo un seguimento sistemático da presenza de especies exóticas nas mostraxes de poboacións. Esta avaliación permite determinar a incidencia destas especies sobre a supervivencia do recurso e programar, de ser necesario, as correspondentes labores de limpeza e control do medio para garantir a produtividade dos bancos marisqueiros.

1.3. Retirada de restos orgánicos e inorgánicos : Cun nivel de marea adecuado ou en marea baixa, o persoal mariscador recolle as algas de arribazón manualmente mediante o uso de restrelos. Estas agrúpanse en fardos ou moreas e cárganse en caixas e capachos para o seu traslado ata os puntos designados de recollida de restos orgánicos. .



1.4. Rareos e traslados : O proceso integra unha extracción selectiva manualmente e posterior reincorporación noutra zona. O seu obxectivo é mellorar a optimización do recrutamento, aceleración das taxas de crecemento e a restauración da biomasa nos bancos marisqueiros.

1.5. Sementeira: Delimítase a superficie, realízase a descompactación do substrato e unha limpeza superficial. Posteriormente, lévase a cabo o control e pesada da semente, seméntase e realízase o control do enterramento e o seguimento.

2. Accións de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros.

2.1. Vixilancia: Mensualmente, os membros da xunta xeral da confraría do sector de marisqueo a pé distribuirán as quendas de vixilancia, asignando a cada mariscadora o banco marisqueiro específico que lle corresponde custodiar.

2.2. Participación nas mostraxes e seguimento: a avaliación do estado do recurso realízase mediante unha mostraxe sistemática estratificada. O procedemento implica a extracción controlada de unidades de mostraxe en estacións xeorreferenciadas, co fin de determinar a biomasa comercializable e o índice de recrutamento de xuvenís. Isto permite fixar os topes de captura diarios e os períodos de veda necesarios.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: "Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños". Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

Tlf. 981 546 177

cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal

Pág. 2 de 3



No artigo 14 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 1 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 do Regulamento (UE) 1380/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopa o de contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

- Os proxectos aprobados financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
- O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 8 de xuño do 2026, autorizou a tramitación do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría de pescadores San Martín de Moaña para o desenvolvemento do Plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.
- O convenio asinouse o día 11 de xuño do 2026.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

